

Proposta de funcionamento da Sabia

O **propósito** deste documento é clarificar o funcionamento do proxecto para poñer en coñecemento de todas as regras de funcionamento, da forma máis clara e sinxela, para contribuír a facilitar a participación e dar garantías democráticas a quenes desexen usar a moeda. Cando decidimos usar a moeda estamos aceptando estas regras que foron acordadas pola comunidade, e que poden ser modificadas nun futuro a través dunha assemblea anual adicada ás cuestións de maior relevancia para o proxecto.

Este funcionamento entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2021, comezando por facer unha assemblea anual e dando a oportunidade de ser modificado antes de entrar en vigor para todas nós. Ata ese día e dende que aprobamos este funcionamento en xuño de 2020 abrimos un **período excepcional** no que as sociaas fundadoras asumimos todas as funcións, xunto coas persoas que se vaian unindo voluntariamente ao grupo de [Telegram](#) e asistan as reunións online nas cales tomamos todas as decisións.

Tomamos esta controvertida decisión porque as nosas enerxías son limitadas e parecíanos o máis sinxelo para arrancar, sen ter que abrir un proceso de votación entre as primeiras asociacións que queiran colaborar coa moeda e comezar a usala, dando máis facilidades a quenes se arriscan a empezar con algo totalmente novo. As socias fundadoras comprometémonos a que calquer asociación que se poña en contacto coa Sabia será informada de todo o funcionamento e recibirá unha cantidade de Sabias proporcional ao uso que queren darlle. **Calquer asociación ou proxecto** que se achegue durante este periodo de tempo **recibirá a moeda** sen ningunha distinción coa única **condición de asociarse ao Consello da Sabia**, tato se teñen ou non forma xurídica, para que haxa certa representatividade na assemblea da asociación, que como explicamos máis abaixo, ten o compromiso informal de ceñirse ás decisións tomadas pola comunidade de usuarias mediante os procesos contidos neste documento.

Para o funcionamento da moeda dependemos de varias **aplicacións tecnolóxicas**: Cyclos, correos electrónicos, [Telegram](#), zoom/jitsi e [Loomio](#). Sabemos que é unha barreira á participación para persoas que non se manexan con soltura coas ferramentas dixitais pero é a única foma de coordinarnos nun territorio tan amplo como Galicia. Haberá por suposto formas de participar presenciais xa que esperamos que haxa grupos de traballo locais que

poidan facer de correa de transmisión para estas persoas que non se manexan co dixital, así como encontros presenciais, como mínimo anualmente.

A primeira opción de deseño que tomamos é **reducir ao mínimo** as decisións de importancia que a comunidade debe tomar porque a primeira barreira para un funcionamento horizontal e participativo é a complexidade dos procesos. Identificamos **tres tipos de decisións** que deben ser tomadas recurrentemente.

1. Decidir sobre **canta moeda crear e quenes a reciben**, que se fará **cada 3 meses** mediante unha consulta aberta a todas as usuarias que pode ou non dar comezo ao proceso de asignación da nova moeda, en caso de decidir ou non crear nova moeda.
2. Controlar que o **traballo voluntario** que se leva a cabo é do agrado da comunidade, que se realizará mediante unha reunión de traballo para poñernos ao día e tomar decisións a nivel práctico **unha vez ao mes**, ademáis das reunións que cada grupo de traballo considere.
3. Unha assemblea **anual** mediante un encontro presencial combinado con outras actividades para reforzas os lazos comunitarios onde terán cabida exclusivamente todas aquelas **decisións estratéxicas** que definan a evolución e avance do proxecto e a adaptación do mesmo a posibles cambios tanto da nosa comunidade coma do noso entorno.

Desta forma cada tipo de decisión conta co seu lugar específico para ser abordada gañando en axilidade e minimizando o tempo das reunións. Temos que recoñecer que moitas persoas contan con tempo e enerxías limitadas para participar polo que para as persoas **con máis tempo e inquedanzas** que queiran discutir e comprender mellor todo o relacionado co deseño da moeda e o funcionamento dos cartos en xeral habilitamos **espacios adicados á formación** (un grupo de [Telegram](#) e encontros online) nos que dar renda solta a estes intercambios de ideas e coñecemento sen saturar os grupos comúns nos que o fundamental é a inclusión de todas na toma de decisións e no reparto de tarefas.

Consideramos de primeira importancia que cando alguén chegue nova ao proxecto poida **poñerse ao día facilmente e entender rapidamente como funciona todo**. A este respecto é esencial que non só fagamos público o consensuado nas diferentes tomas de decisións mediante actas, se non que elaborem unha especie de **resumo mensual** cos acontecementos e decisións máis salientables que poida ser enviado mediante unha **lista de correo** á que calquera se pode suscribir dende a páxina web, de modo que se alguén deixa de participar durante un tempo, teña moi doado reincorporarse e aportar en igualdade de condicións que o resto.

Vexamos agora en detalle os distintos protocolos para cada un dos tres tipos de decisións:

1. Creación monetaria

O que fai única a esta moeda é que, tal e como se explicita no deseño da moeda, a cantidade de moeda que vaiamos creando e a forma na que se introduce na nosa economía (ou sexa quenes a reciben en forma de doación) están en mans dun proceso de decisión mediante democracia directa por toda a comunidade de usuarias, que se compromete a procurar un **valor estable** no medio e longo prazo. Dende o momento en que unha persoa ábrese unha conta na aplicación xa ten dereito a participar neste procedemento en igualdade cas demais.

Durante o ano 2020 esta función queda delegada sobre as persoas activas (fundamentalmente as socias fundadoras), que poden decidir tanto a cantidade como quenes a reciben, co compromiso de darlla a calquer proxecto que se achegue con ganas de utilizala. Crearán a cantidade que consideren apropiada para que unha asociación ou colectivo empece a utilizar a moeda e difundila entre os seus membros, proporcional ao seu tamaño e uso que se lle vaia dar. Calquer asociación que mostre interese e incorpore algún dos valores da moeda recibirá unha cantidade de moeda que lle permita comezar a utilizala, sen discriminación de ningún tipo. A partir do día 1 de 2021 abandonamos esta forma áxil pero pouco democrática de funcionar e pasamos a realizar un proceso democrático explicado a continuación:

Utilizando unha ferramenta tecnolóxica como **Loomio** podemos involucrar a todas as persoas que queiran nesta toma de decisións simplemente facéndose unha conta nesta ferramenta. A decisión de canta moeda crear pode ser unha pregunta que se abrirá periódicamente **cada 3 meses**. Pode decidirse non crear moeda ou sí crear en función de se existe un aumento do respaldo real do valor da moeda, que podemos percibir mediante diferentes indicadores baseados no uso real da moeda que nos den unha idea realista do valor subxetivo que ten para as persoas. Unha sabía, un euro. É fundamental que entre todas intentemos crear a cantidade apropiada para un único fin: **MANTER UN VALOR ESTABLE**.

Cada persoa valora a cantidade apropiada a crear tras un proceso no que nos informamos entre todas da situación real de uso da moeda (preferentemente nunha reunión de traballo por videoconferencia), e así cada unha propón unha cantidade que lle parece apropiada (de forma non anónima pero simultánea) e de entre todas estas opinións

obtemos a **mediana**, o valor que ocupa a posición central de entre todos os valores (que non é o mesmo que a media). Esta será a cantidade a crear desta vez.

Debemos dar tempo á moeda a manifestar o efecto desta creación monetaria antes de volver decidir crear moeda para así poder ir controlando se acertamos ou erramos na cantidade a crear, o que depende da actividade da rede. Tres meses pode ser pouco, sobre todo ao comezo, polo que en moitas ocasións a cantidade a crear será cero (basta que máis da metade das persoas que participen nesta decisión así o consideren), ou moi baixa/prudente, tanto porque observemos que a moeda perdeu valor como porque non consideremos que pasou o tempo suficiente para valorar os efectos da última creación monetaria. O importante é que aínda que nos equivoquemos sempre podemos rectificar co cal aínda que ningunha de nós sexa unha experta no tema, se temos claros os indicadores e como interpretalos a cantidade acabará axustándose ao respaldo real da moeda.

Dende que se leva a cabo a última creación de moeda ábrese un prazo no que diferentes proxectos poden **presentar candidaturas** (tamén nun fío de **Loomio**) nas que **indican o uso** que lles pretenden dar e se comprometen a facerse socias do Consello da Sabia se saen elixidas. Unha vez que a cantidade está decidida déixanse **15 días**, no que se lle sumarán novas propostas ou se retirarán outras (por exemplo se consideran que a cantidade é moi pequena e non lles compensa presentarse desta vez). Faremos o posible para que estas candidaturas sexan ben visibles por toda a comunidade publicándoas en todas as redes dispoñibles para que todas teñan a mesma exposición mediática pola nosa parte.

Pasado un prazo de tempo de 15 días dende que se fai pública a cantidade de moeda que se creará, para recoller propostas novas que serán engadidas xunto coas vellas, abrimos outro prazo de **15 días** (en total un mes) para que a xente teña tempo de ir votando, tamén a través de **Loomio**, **elixindo as súas X opcións favoritas** de entre as existentes. X será o número de opcións a elixir de entre o total e será aproximadamente un 10% do total de candidaturas nunca menor de 5 nin superior a 10.

Dos resultados obtidos obtemos unha puntuación para cada proposta e queremos extraer a porcentaxe de moeda que lle toca a cada proxecto. Para non repartir cantidades insignificantes non sempre a todos os proxectos se lles asignará moeda de nova creación. Mentras as candidaturas sexan menos de 30 só un **máximo de 10 proxectos** recibirán moeda de nova creación, e a partir de 30 candidaturas seleccionamos **o 30% máis votado**.

Quedámonos con estes proxectos seleccionados e descartamos ao resto para calcular a porcentaxe. Sumamos os puntos totais que acumulan entre eles e dividimos os obtidos por cada unha entre este total, obtendo así **o porcentaxe** de moeda que lle corresponde a cada unha da cantidade de moeda a crear (previamente consensuada).

Cada proxecto debe comprometerse a utilizar a moeda para o fin acotado e ser **transparentes** ao respecto, se pretenden volver presentarse a recibir a moeda nun futuro. É condición básica para ser reelegido dar boa conta do uso que se lles deu a doacións anteriores e do estado da súa conta. Unha vez acabado este proceso **elimínanse as candidaturas** e abrese o prazo para ir recollendo propostas ata a próxima vez que se cree moeda, dando a opción de repetir candidaturas anteriores tanto elexidas como non, resubíndoas no novo fío de [Loomio](#).

Este proceso tamén ten as súas limitacións (como a posible desigualdade que se deriva de calquer votación debida ao poder das maiorías sobre as minorías) e pode ser modificado nun futuro para axustrase o máis posible aos obxetivos de inclusividade e xustiza aos que aspira todo o proxecto. Este tipo de melloras serían consideradas decisións estratéxicas que deben ser abordadas mediante assemblea presencial como se explica no terceiro apartado deste documento.

2. Traballo voluntario

O motor fundamental do proxecto é o traballo voluntario e a través destas aportacións todas podemos facer que a rede medre como nos gustaría e cada vez haxa máis usos e sinerxias na nosa rede. É a mellor forma de facer valer a nosa particular forma de ver o mundo e materializar os nosos valores na práctica, pero require coordinación e consenso para que o que se faga sexa do agrado de todas. Todas as aportacións contan coa estrutura informal recollida máis adiante neste documento pero contamos cunha ferramenta burocrática que está ao servizo destas tarefas que merece a pena explicar antes de nada, a asociación O Consello da Sabia.

O Papel da asociación O Consello da Sabia

Para contribuír coa moeda non fai falta de ningunha forma estar asociado na asociación O Consello da Sabia. Esta non é máis que unha ferramenta para formalizar as decisións tomadas polas usuarias da moeda, e simplemente serve como declaración de principios para que se saiba quenes estamos detrás da moeda e que valores nos definen. Pensamos que contar cunha figura recoñecida legalmente é unha forma de dar confianza e de facilitar a transparencia, xa que pola súa estrutura nos esixe recoller como mínimo anualmente os consensos aos que chegamos todas as usuarias e as accións que emprendemos na dinamización da moeda. Ademais esta figura serve como apoio ao traballo voluntario xa que pode xestionar recursos económicos que faciliten a organización de eventos, a difusión, o mantemento de ferramentas dixitais mellores, a relación coa

administración en caso de por exemplo recibir algunha subvención, etc. Reiterar que as socias se comprometen a cumprir cos requisitos legais que require unha asociación como asistir a unha asamblea anual ou asumir os cargos da xunta directiva (que poden asumir as persoas xurídicas mediante delegadas) pero co compromiso de ser un vector das decisións tomadas por toda a comunidade. Na práctica as persoas asociadas non teñen poderes de ningún tipo. As labores da asociación poden ser asumidas polos grupos de traballo mencionados máis adiante neste documento por calquera usuaria, aínda que formalmente estén recollidas como responsabilidade das socias da asociación, que son só unha mínima representación da gran comunidade detrás da moeda.

Todas confiamos en que a asociación sirva esta labor de apoio sen apropiarse da toma de decisións, para o cal precisamos que haxa un mínimo de representatividade das usuarias. A forma elegida para elo é que cada asociación ou proxecto que reciba moeda de nova creación deberá asociarse e enviar unha delegada ás asambleas ca simple función de deixar por escrito os acordos aos que teñen chegado as usuarias. Como se detalla nos estatutos e no regulamento interno compartidos públicamente na web da asociación (<https://consellodasabia.wordpress.com/>) non todo o mundo pode ser socia da asociación. Só as persoas xurídicas respaldadas coa confianza da comunidade expresada a través do proceso de asignar doacións de moeda de nova creación. Evitamos excesiva burocracia e facemos que calquer persoa poida ir como delegada en nome dunha asociación pero non a título individual co que reducimos o número de socias e a complexidade do funcionamento interno e gañamos axilidade sen perder certa representatividade. As delegadas deben rotarse preferentemente mínimo cada dous anos, pero queda en mans de cada asociación socia.

Todo o expresado a continuación ocorre ao marxe da asociación O Consello da Sabia e está aberta á participación de calquer persoa usuaria da moeda.

Organización traballo voluntario

Crearánse varios grupos temáticos (que poden ir cambiando no tempo) encargados de funcións similares nos que as persoas integrantes deben **corresponsabilizarse** de todas as tarefas. Cada grupo terá un grupo de **Telegram** que lles permita coordinarse con certa autonomía. Para comezar poden ser por exemplo: **Difusión** (redes sociais, eventos, web, comunicación...), **Xestión** (mantemento asociación, cartos, administrar ontas de aplicacións e grupos, temas legais, resolución de conflitos...) e **Participación** (convocar reunións, acompañar novas usuarias, axudar coas ferramentas, dinamizar intercambios, facer mercadillos, moderar reunións, tomar actas, documentar decisións, formación...).

As persoas poden **incorporarse voluntariamente** en calquera dos grupos, compartindo cas demais a responsabilidade sobre tales competencias. Calquer persoa ten o mesmo dereito que o resto de ser escoitada, desde o momento que chega a un grupo, e

tomada en conta á hora de tomar decisións e repartir tarefas. A rotación de persoas por diferentes responsabilidades está máis que recomendada e pódese suxerir a unha persoa que cambie de rol se leva demasiado tempo no mesmo (máis de **2 anos**) para evitar que ninguén se volva imprescindible para o bó funcionamento do proxecto e todas vaiamos aprendendo a base de poñer as nosas capacidades en práctica en diferentes ámbitos dentro da moeda.

Ademáis haberá unha **asamblea xeral de coordinación** na que se **compartirá periódicamente o traballo levado a cabo**, e onde se **busque a aprobación de todo o grupo para emprender novas accións**. Cada grupo pode funcionar con autonomía pero suxeito á esta asamblea xeral de coordinación que se fará de forma telemática aproximadamente **unha vez ao mes** (nin máis nin menos), respetando os ritmos das persoas para que a maior parte de nós poidamos asistir, **poñernos ao día e expresar o noso parecer**. É importante acordar o día e a hora con alomenos **10 días de antelación**.

As decisións relativas ao traballo voluntario tómanse por **consenso** e en caso de non ser posible chegar a un acordo sobre algunha, ábrese unha **votación** no **Loomio** dando varios días de marxe (**unha semana** por exemplo) para que todo o mundo poida votar, de forma que poidamos recoller unha memoria das decisións tomadas e dos puntos de desacordo. A decisión desta votación será final, sen posibilidade de veto. Os desacordos sobre as liñas xerais do proxecto contan con outro espazo de discusión adicado a cuestións de carácter estratéxico que abordaremos no terceiro punto.

No caso de ter que **seleccionar** a unha ou varias persoas para unha tarefa concreta de gran relevancia, como a participación en medios de comunicación, utilizaremos un método de probada inclusividade que consiste en que **todas somos posibles candidatas** a menos que por causa xustificada manifestemos o contrario, e cada unha decide de entre as candidatas as tres persoas que máis axeitadas lle parecen. As persoas con máis votos poden rexeitar a responsabilidade se o desexan pero no caso contrario quedan elexidas.

O obxectivo da **asamblea do grupo de coordinación no que todo o mundo debe intentar participar** é tanto acordar liñas de actuación xerais como validar accións concretas futuras e sopesar accións pasadas ou en curso que non foran acordadas previamente. Calquera pode tomar a iniciativa en cousas de pouca relevancia e de baixo impacto mediático de cara ao público, pero estará suxeito a aprobación desta asamblea, que se reserva o dereito de tirar para atrás calquer traballo ou aportación que non sexa do agrado do grupo.

É moi importante que intentemos chegar a acordos e consensos pero que tamén demos certa liberdade a que cada grupo de traballo teña liberdade de acción. En concreto dentro do grupo de participación sería interesante que en cada zona do territorio houbo un **subgrupo** encargado destas funcións con certa autonomía, en permanente coordinación

co resto a través da assemblea de coordinación mensual e traballando baixo as **liñas xerais acordadas anualmente**, que deben ser **públicas e explícitas**.

É moi importante ter en conta as distintas barreiras que se poden atopar as persoas para participar no proxecto polo que é importante que todas procuremos facilitar a participación ás demais. Ser empáticas e atentas para intentar que todo o mundo teña unha grata experiencia. Unha forma de facilitar as cousas é consensuar as datas das reunións respetando os ritmos das persoas para que o máximo de xente poida participar nelas independentemente das situación persoais de cada unha, o que as veces significará baixar o ritmo de actividade para que todas o poidan seguir. Queda en mans do grupo de participación atopar boas prácticas coma esta e axudarnos a todas a integralas no noso funcionamento.

As **reunións online** (ou presenciais no caso dos grupos de traballo territoriais) servirán para facer unha posta ao día do traballo voluntario de cada persoa e de cada grupo local, informar de calquera outra cuestión relevante, recoller propostas e puntos de vista e tomar decisións relativas a accións futuras a desenvolver. Tanto o **Loomio** como o **Telegram** poden apoiar enormemente esta labor. A iniciativa individual está contemplada e non fai falla pedir permiso para poñerse a colaborar, pero estas reunións de traballo dixitais son esenciais como elemento de control democrático de todo o que se está a levar a cabo en nome da moeda, e sobre todo para evitar que se fagan cousas importantes sen a aprobación do resto. Estaría ben **clarificar que tipo de accións/decisións deben ser consensuadas antes de ser levadas a cabo**, tanto no grupo de traballo concreto como na assemblea de coordinación, ou na assemblea anual, en función da súa importancia.

A través do grupo de **Telegram** convócanse as reunións, dando a escoller ás participantes entre múltiples opcións de horas e días e intentando que poidan participar as máis posibles. Sería importante **recoller en acta** as cuestións faladas e sobre todo as decisións tomadas e compartila tamen no **Telegram** para quenes non puideron ou quixeron asistir, facilitando o seguimento do proxecto. Se se fai nun **pad colaborativo** a discusión pode seguir con facilidade de forma asíncrona e poden recollese as aportación e comentarios das demais sobre cada cuestión recollida en acta.

Despóis de cada assemblea xeral de coordinación poderíase enviar un **resumo mensual dos avances do proxecto** por mail, creando unha **lista de correo** a través dunha suscripción a través da páxina web para quen queira estar ao día sen ter que asistir a todas as reunións.

3. Decisións estratéxicas

Mediante unha **asamblea anual presencial** (con opción de participar de forma dixital), que debe ser previa á asamblea xeral da asociación O Consello da Sabia, en algún punto medio do territorio galego, levaremos a cabo un encontro coa intención de intercambiar produtos e servizos, celebrar os logros e discutir sobre cuestións importantes como definir as liñas xerais do proxecto, modificar regulamento interno, cambiar de estratexia, resolver conflitos, etc.

Esta asamblea anual é unha ferramenta moi valiosa para medrar de forma saúdable e de aquí sairán as **liñas xerais** que deberán seguir os grupos de traballo e as **instrucións precisas** que levará a cabo a asociación, co cal queda todo documentado e accesible.

Debe ser responsabilidade dalgún dos grupos de traballo voluntario organizar este evento e garantir o bo funcionamento do encontro e en especial da toma de decisións.

Pensamos que esta ferramenta combinada coas outras anteriores permitirá que o funcionamento esté calro, sexa relativamente sinxelo e nos permita comezar cun mínimo de garantías democráticas e inclusividade sen perder axilidade e capacidade de adaptación. Por suposto queda moito por facer pero esperemos que este marco sirva de referencia para seguir mellorando continuamente e así non só mostrar como un bó deseño monetario pode mellorar as nosas vidas, se non que as persoas podemos tomar boas decisións de outras formas que non repliquen os problemas habituais das organizacións.

Gracias polo teu interese!